

CASTIÑEIRO

(*Castanea sativa*)

CLASE: Anxiospermas
ORDE: Fagales
FAMILIA: Fagáceas

É unha árbore de copa cónica nos exemplares novos e esférica nos máis vellos que pode acadar os 30 m de altura. O toro é robusto coas ponlas fortes e case horizontais. A tona é gris lisa nos novos, logo vaise agretando e escurecendo. É unha árbore orixinaria de Asia Menor que se difundiu por Europa desde tempos antigos. Cultívase en souts, que ocupan en Galicia arredor de 30.000 ha (sobre todo en Ourense e Lugo). A ampla extensión do cultivo deu lugar á aparición de moitas variedades (hai 143 rexistradas).

Do castiñeiro aprovítese a madeira moi apreciada en ebanistería por que é dura, ten un bo acabado e resiste ben a couza e a rela; as ponlas novas fendas, para facer cestos e as castañas como alimento de persoas e animais.

A castaña foi un elemento importante na alimentación ata que se extendeu o cultivo da pataca e o millo. Botábanse no caldo, cocíanse con auga ou con leite, asábanse, facíase puré....

Os produtores véndenas en verde, pero hai empresas que as preparan, envasan e conservan de diferentes maneiras.



"Ofrenda a San Ramón", escultura de Francisco Asorey.

As follas son simples, alternas, de aproximadamente 15 x 5 cm, de cor verde brillante polo derecho e cubertas de pelo moi fino polo revés, cos nervos moi marcados. O peciolo é cilíndrico e curto.




As flores son unisexuais e aparecen en amentos longos (25 a 32 cm) ocupados maiormente por flores masculinas de cor amarela. Algunhas levan na base as flores femininas, formadas por varios ovarios agrupados no interior dunha cuberta espiñenta de cor verde.



Os froitos (castañas) desenvólvense no interior do ourizo que se abre cando madura, entre setembro e outubro, para deixalas libres.




Castiñeiro de Pumbariños, no Souto de Rozabales en Manzaneda (Ourense). É o de maior perímetro de Galicia, con máis de 12 m, e supera os 500 anos. Foi declarado Monumento natural en 1995.



Castiñeiro da Ribeira. Monzalvos. (A Mezquita-Ourense). Ten arredor de 500 anos. Mide 25 m de altura e case 11 m de perímetro.




Castiñeiro O Mola. Chagazoso. (A Mezquita-Ourense). Pode ter 400 anos e case 10 m de perímetro. Despois de varias queimas está a piques de secar.



Castiñeiro do Val da Fonte, Paderne (Folgos do Courel-Lugo). Mide 16 m de altura e case 8 m de perímetro. Na parte baixa é moi grosa e está oco. Ten de 250 a 500 anos.




Nas zonas onde se cultivan as castañas existen aparellos e instalacións específicos relacionados co seu aproveitamento: ouriceiras, onde se amorean os ourizos para que abran; e sequeiros, onde se secan.



O magosto é a festa tradicional que acompaña a colleita da castaña. Celébrase en novembro e ten una longa tradición en Ourense. Ásanse e coméntase as castañas xógase e cántase.



Castiñeiro de Cerdedelo. (Laza - Ourense). Ten 11,40 m de contorno.



Castiñeiro de Quintela de Catasós. (Lalín-Pontedeira). Posiblemente plantados mediados do século XIX. Miden entre 33 e 35 m de altura. Declarados únicos pola FAO en 1954 por ter o fuste máis alto de Europa e actualmente están declarados Monumento Natural.